



Concello de Betanzos

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

DECRETO: Convocatoria da sesión do Pleno da Corporación de data 30 de Xaneiro de 2020

María Barral Varela, alcaldesa do Concello de Betanzos, no uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os distintos expedientes concluídos e as mocións presentadas para ser sometidos á consideración do Pleno da Corporación.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Ao abeiro da atribución que lle concede á Alcaldía o artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

RESOLVO:

PRIMEIRO. Convocar a todos/as os/as concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal á sesión plenaria ordinaria que terá lugar no Salón de Plenos da Casa do Concello, o próximo xoves 30 de xaneiro de 2020 ás 20:30 h en primeira convocatoria, e unha hora despois en segunda convocatoria.

SEGUNDO. Establecer a seguinte **ORDE DO DÍA** para a devandita sesión:

1. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión anterior.
2. Dar conta de decretos da Alcaldía.
3. Toma de posesión de D. Eduardo Vázquez Sanchez concelleiro do grupo municipal do partido popular.
4. Transformación do Consorcio en Mancomunidade 2020.
5. Aprobación inicial da modificación da ordenanza fiscal núm. 21 reguladora da taxa pola prestación de servizos nas instalacións deportivas municipais.
6. Adxudicación do expediente de contratación servizo de axuda no fogar (SAF), no Concello de Betanzos.
7. Recoñecemento Extraxudicial 1/2020 (Pleno).
8. Mocion do BNG para a mellora da sanidade pública.
9. Mocion do BNG sobre as pingueiras no aulario de educación infantil.
10. Mocion do PP para a mellorar o servizo de pediatría no Pac de Betanzos.
11. Mocion do PP para mellorar os servizos da biblioteca municipal e ampliar horarios.
12. Rogos e preguntas

TERCEIRO. Que esta convocatoria se lle notifique en tempo e forma a todos os membros da Corporación, se publique no taboleiro de edictos e no portal de transparencia do Concello, e se dea conta desta na seguinte sesión plenaria ordinaria.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa

María Barral Varela

O Secretario en réxime de acumulación (Resol.DXAL de 04/10/2018)

(Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18 do 16 marzo)

Adrián J. Márquez Caramés